

FALADOIRO

ANO XVI

NÚMERO XXVII



400 ANOS
DO
QUIXOTE

C.E.I.P. DA TORRE – CELA
BUEU

SUMARIO

- Voz Natura
- Nós, os pequenos
- Títeres na escola
- O planetario
- O magosto
- Páxina literaria
- Nadal
- As nosas postais de Nadal
- O día da Paz
- Entroido
- Escolas viaxeiras
- IV Centenario de Don Quixote
- Saídas culturais
- A Constitución europea
- Deportes
- Humor
- Lerias e enredos





VOZ NATURA

Por 3º ano consecutivo, o noso Centro participa no proxecto “Voz Natura”, desenrolado pola Fundación Latorre de “La Voz de Galicia”.

Neste curso continuaremos cos traballos de mantemento do noso xardín, e seguiremos co estudio das plantas aromáticas, levando o seu uso á cociña, aceites e vinagres aromáticos, e aplicacións no eido da cosmética coa elaboración de xabóns, velas aromáticas e popurris.

Como en edicións anteriores, neste proxecto participa toda a comunidade escolar do C.E.I.P. da Torre, contando asimismo coa colaboración do Concello de Bueu e a Asociación de Veciños de Cela.

NÓS, OS PEQUENOS

3/4

CELA



A FA
ANDREA



AA
SARA V.



AAA
PABLO



HUGO



ANA



OP
JÓNATHAN



AAO
AARÓN



DANIEL



FA
FRANCISCO



VAL
PAULA



ESTEBAN



PEDRO



SARA



DABIEL



MARIA



LARA



ALURO



Raquel Costa Ogando 4º

¡HIP HIP, HURRA!

Había unha vez dous reis que se chamaban Mandamáis, que tiña hipo, e Tatexo, que como seu nome dí tatexaba, que eran moi aficionados a facer apostas.

Un bo día fixeron unha aposta de dicir o trabalinguas da perdiz: Mandamáis apostou a súa filla que se casase con Pergamiño, fillo do rei Tatexo; e Tatexo apostou o seu reino do que só quedaba unha pranta, xa que o tiña apostado e perdido todo.

Tanxerina, filla do rei Mandamáis, e Pergamiño, enoxados cos seus pais, idearon un plan: dicir que o rei Mandamáis lle roubara a Tatexo o xarope que lle curaba a tatexeira; e que o rei Tatexo lle puxera na cea a Mandamáis polo, que era o que lle facía hipar.

Oído isto os dou reis enoxáronse moito e pelexaron. Pasada a pelexa, o rei Mandamáis decatouse de que xa non tiña hipo, e Tatexo xa non tatexaba. Os dous puideron deci-lo trabalinguas da perdiz e puxéronse moi ledos.

Pergamiño marchou con Tanxerina, no seu cabalo Foguete, e os reis perdoáronse e viviron felices para sempre.

(Aida Carballo Fazanes 3º)

O planetario

O mércores 17 de novembro vimos un planetario e aprendimos moitas cousas. As estrelas vense de noite e agrúpanse en constelacións que teñen nomes según a súa forma: Osa Maior, Osa Menor, Orión... Hai unha estrela que sempre sinala o norte e a estrela Polar. Tamén vimos os nove planetas: Mercurio, Saturno, Xúpiter, Urano, Neptuno, Plutón, a Terra e Marte. Nuns fai calor, noutros hai xeo ou gas, outros ten moitas lúaas, outros aneis arredor, pero vida sómentes hai na Terra.

Alia, Marcos, María, Vero, Eloy,
Damián, Iago

1º



Nadir Simes Méndez 4º

O MAGOSTO

O día 12 de novembro fixemos o Magosto no colexio. Nas tres primeiras horas houbo clase e despois saímos todos ó patio. Cando cegamos xa había algunhas nais porque, coma sempre, tódolos anos veñen. E xa estaban facendo as castañas "Ticher", Manolo e os nenos de 6°. Despois de comer as castañas, que estaban moi boas, algúns nenos pintaron a cara coa borralla da fogueira. E despois de pintarnos a cara, fomos face-los xogos: 5° e 6° xogaron á cadea e ó brilé; 3° e 4° xogamos á pita envelenada e ó sogatira; 1° e 2° xogaron ás cadeiras e ó pasemisí; e os nenos de infantil xogaron ó Miguel, Miguel e ós aros.


Á hora de irse cada neno foi a súa clase a busca-las súas cousas, e marchamos para o autobús.

¡Eu penso que todos o pasamos moi ben!


(Iria e Mabel 4°)



(Aida 3°)



SARA E.I. (4 ANOS)



O OUTONO

OS PAXAROS MARCHAN
BUSCANDO CALOR

AS SETAS E AS UVAS
QUE RICAS SON.


O DIA É MÁIS CURTO,
QUENTA POUCO O SOL.
AS FOLLAS CAEN
CAMBIAN DE COR.

MARIA E.I. (4 ANOS)



ENRIBA DA CABEZA
TEÑO UNHA COROA
NELA AS CASTAÑAS
TEÑEN VISTAS BOAS.






O INVERNO

COA SÚA BARBA BRANCA
E O SEU MANTO GRIS
O SEÑOR INVERNO
UESELLE MOI FELIZ

¡BENVIDO SEÑOR INVERNO!
ESTÁBAMOLO AGARDANDO
ABRIGADOS E CONTENTOS
AAVÍ SEGUIMOS XOGANDO

ELENA
E.I. (5 ANOS)



XOGAMOS COA CARA

ESTE	QUEIXO	QUEIXOLÁN
ESTA	NARIZ	PIDE PAN
ESTE	BOCA	NARICETE
ESTE	OLLO	OLLO PIPIRETE
ESTE	OUTRO, SEU	IRMÁN
ESTA	FRONTE	FRONTELÁN



YUDANI E.I.
5 ANOS



O NADAL NO COLE


O día 22 de decembro foi o día do Nadal no colexio. As primeiras horas os nenos foron ás clases. Dalí a un pouco chegou Papá Noel e deunos lambetadas.

Despois os nenos foron para as clases e fixeron cousas de nadal. Despois tivemos a comedela e fomos ó recreo.

Tralo recreo tivemos o festival de nadal, onde cantamos panxoliñas e fixemos un teatro.

¡Ah!, que xa me esquecía, tamén fixemos postais que colgamos no corredor, e un belén grande, onde os de 4º fixemos ó rei Baltasar.

(Adolfo Buceta Cobas)




16/12/2004

AS NOSTRAS POSTAIS DE NADAL



Sergio 11 anos

Ángel 4 anos



Araceli 11 anos




Martín 5 anos.





Seila M. 11 anos



Raúl 9 anos



Jonatan 9 anos



O DÍA DA PAZ

O venres 28 de xaneiro celebramos o día da paz no colexio .

Nas clases fixemos unhas pombas cunha mensaxe de paz .


Despois saímos o patio e cada un colocou a súa tarxeta nunha gran pomba debuxada no patio grande.

Collémonos da man e cantamos a canción de Antonio Flores "NO DUDARIA".

Ó rematar cada un colleu unha postal que non fose a súa .

¡QUE REINE A PAZ NO MUNDO!

Irene e Sheila 6º



ENTROIDO

O venres 4 de febreiro celebramos o entroido no noso colexio. Disfrazámonos das diferentes etapas da vida .

Os de infantil foron de bebés , os de 1º e 2º de mozos , os de 3º e 4º de pais e nais e os maiores de vellos e vellas .

Desfilamos todos ata o Torrón onde había moita xente para escoitarnos e alí cantamos as cancións . Ó rematar voltamos para o colexio e no patio grande comemos os postres de entroido tan ricos que trouxéramos .

¡Oxalá volva o entroido outra vez!


(Irene e Sheila 6º)



O ENTROIDO



Paula 3^o





NOSO

ENTROIDO



EN IMAXES





ESCOLAS

2004 - 05

VIAXEIRAS

Viaxe a Salamanca



Alumnos de 6º curso

C.E.I.P. da TORRE - CELA



ESCOLAS VIAXEIRAS

Durante os mes de outubro os/as alumnos/as de sexto pasamos unha semana en Salamanca gracias o progrma de Escolas Viaxeiras.

Alí convivimos con rapaces e rapazas dun colexio de Alacante e outro de Teruel.

Durante esa semana visitamo-la zona monumental desta cidade e desplazámonos a Cidade Rodrigo, A Alberca, Béjar, Candelario, San Felices de los Gallegos.


Nos desplazamentos pola zona monumental de Salamanca tivemos ocasión de visita-la catedral, a universidade (algúns atopamo-la ra), a casa das Cunchas, o xardín de Calisto e Melibea, a ponte romana, a praza maior, e de escoitar diversas historias que nos contaron as monitoras que nos acompañaban.

Para moitos de nós foi a primeira vez que saímos de Galicia, pero a experiencia valeu a pena e foi moi divertida.

* A Casa das Cunchas *



IV Centenario do Quixote



No ano 1.605 publicase a primeira edición de "Inxenioso Fidalgo Don Quixote da Mancha".

Este ano celébrase o IV Centenario da súa publicación. Será un acontecemento aberto, porque o valor desta obra é infinito.


Don Quixote é un personaxe da Mancha, pero é patrimonio da humanidade.

Esperamos que a partir do ano 2005 O Quixote sexa un referente na cultura da humanidade e un libro da lectura en todos os colexios do noso país.

Don Quixote é un personaxe que busca a xustiza e quere impoñer o ben, Saucha é realista a súa presumpción é chegar a ser gobernador.

Pensamos que hoxe vivimos nun mundo con moitos "Sauchos" e poucos "Quixotes".

DON QUIXOTE E SANCHO VISTO POLOS NÓSOS NENOS




Yoel 6°



Irene 6°


QUERO QUE SAIBAS
AMIGO SANCHO QUE
PARA SER GOVERNADOR
GABEIO HAS DE FAZER



Álvaro 6°

SAÍDAS CULTURAIS

O pasado luns, día 14 de febreiro, tódolos alumnos do 3º Ciclo de Primaria, fomos a Vigo a un Concerto Didáctico, co título "COMO SE CONSTRÚE A MÚSICA", no teatro García Barbón.



Co teatro cheo de rapaces de moitísimos colexios da zona, escoitamos durante máis dunha hora o que nos foron dicindo sobre os diferentes pasos que se dan para ir facendo unha composición musical.

O director do concerto e varios músicos, cada un cun instrumento diferente, fixeron as nosas delicias, sobor de todo ós que nos gustan moito a música.

Oímo-la composición musical interpretada primeiro só pola trompeta, frauta, o violín, a trompa, a trombón, o clarinete, a tuba, etc., e despois pola totalidade dos instrumentos dirixidos polo director.

Pasadas as dúas da tarde xa estabamos de volta no colexio.

(Jorge Bernárdez 5º)

UN CONCERTO DE MÚSICA GALEGA

O 25 de xaneiro pasado, os alumnos do 2º ciclo de Primaria fomos de excursión a Vigo.

Visitamos o aeroporto de Peinador; miramos aterrizar un avión que viña de Madrid, e démoslles a benvida a todos os pasaxeiros e as azafatas.

Despois fomos a un concerto de música galega, e o señor Cholo e o presentador Alberte explicáronnos como son os instrumentos da música galega.

Os nenos tamén colaboramos, e unha rapaza de 3º foi a bailar co disfraz de cabezudo.

¡ Pasámolo bomba !



(Manuel Anxo Pérez Piñeiro 4º)

A SAÍDA DO 1º CICLO

O día 12 de xaneiro, os alumnos de 1º e 2º fumos ver unha exposición de dinosaurios.

Á entrada vimos un video de cómo desapareceran, e apareceu un home disfrazado de dinosaurio.


Había diferentes modelos destes animais, como Velociraptor, Gallimimus, Stegosaurus...


Tamén vimos fósiles reais e robots...

Despois fumos visitar o aeroporto de Peinador; vimos unha avioneta e un avión. Alí merendamos.

Finalmente subimos ao autobús rumbo ó colexio.

Foi unha excursión moi emocionante e divertida.





VISITA ÓS DINOSAURIOS

Isaac, Alba, Lucía, Miguel, Iago

1º

O mércores 12 de xaneiro visitamos unha exposición de dinosauros. Gustáronnos porque uns movíanse e parecían de verdade. Tamén vimos o esqueleto e os ovos dos dinosauros. Todos eran moi grandes pero había un que chegaba ata o teito.

A CONSTITUCIÓN EUROPEA

A Convención Europea está formada por 105 membros representantes dos estados membros e dos países candidatos á adhesión. Tras dezaseis meses de traballo deste organismo, aprobaron un proxecto polo que se establece unha constitución para Europa.

A Constitución europea foi asinada en Roma o 29 de outubro do 2004 polos xefes de estado e de Goberno dos 25 estados membros.

A Constitución europea non sustitúe ás Constitucións dos países europeos, senón que coexiste con elas.

A Constitución europea divídese en catro partes:

A primeira parte define os valores, institucións, símbolos, finanzas, etc.

A segunda parte define os dereitos fundamentais.

Na terceira parte especifica o funcionamento da Unión.

E na cuarta contempla a revisión da propia Constitución.

¿ En qué nos afecta a Constitución europea máis directamente?

Entre outros aspectos a Constitución fomenta os seguintes valores:

- O respecto da dignidade humana.
- A liberdade, a igualdade, a democracia.
- A ausencia de discriminación, a igualdade entre homes e mulleres.
- Solidaridade entre os estados membros.
- Protección do medio ambiente.
- Protección da saúde.
- Dereito a Seguridade Social.
- Dereito de tódolos/as nenos/as os coidados necesarios para o seu benestar.
- Prohibición do traballo infantil.
- Tomar medidas contra os países membros que non respecten estes valores.

En España a Constitución europea foi refrendada o día 20 de febreiro e entrará en vigor o día 1 de novembro do 2006.



FÚTBOL

Campionatos Internos 2004 - 05

EQUIPOS	PARTIDOS				GOLES		PUNTOS
	XOGADOS	GANADOS	EMPATES	PERDIDOS	FAVOR	CONTRA	
HAWAIANOS	8	2	4	2	11	10	10
DRAGÓNS	8	1	5	2	8	11	8
SATANASES	8	1	6	1	9	9	9
PITIÑOS	8	2	6	0	14	8	12
TROULEIROS	8	2	3	3	6	11	9


FASE FINAL:

- PITIÑOS
- HAWAIANOS
- SATANASES
- TROULEIROS

Esta fase final xogarase inmediatamente despois da Semana Santa en partidos eliminatorios.



TENIS DE MESA




Tódolos luns, na hora do recreo estase a desenrolar o torneo de tenis de mesa no ximnasio.

PÁXINA DE HUMOR

Era un home tan feo, tan feo, que se atopou cunha muller e lle preguntou:

- ¿Canto me falta para León?
- Só lle falta o rabo.



Era un home tan pequeniño, tan pequeniño, que veu unha canica e dixo: ¡O mundo é meu!

Un fillo dille ó seu pai:


- Papá, papá, na rúa está un veciño facendo unha colecta para unha piscina.
- Pois vai darlle un vaso de auga.




Un rapaz vai almorzar leite con madalenas, e nada máis mollar a primeira, a colle e... ¡paf! a esmeldrella contra a parede berrando: -¡E isto é para que non te atrevas a bebe-lo meu leite!

LERIAS E ENREDOS

Busca no barullo de letras e escribe o nome que representan os dibuxos



rabel





R	O	P	S	T	T	U	N	O	P
S	T	U	T	R	O	M	P	A	T
B	O	M	B	O	V	U	S	R	O
R	T	R	O	M	B	O	N	C	S
U	M	N	O	P	R	A	T	O	S
T	R	A	B	E	L	T	U	O	A
N	B	U	E	T	I	M	B	A	L
O	C	H	T	A	M	B	O	R	A

Colorea fixándote na clave:
 Palabras coa sílaba "BU": amarelo
 Coa terminación "ABA": vermello
 Coa sílaba "BUS": verde
 Coa sílaba "BUR": azul
 Palabras co grupo "BR": castaño

XEROGLÍFICO

¿Qué toca Xavier?





remataba

hubela

cobras

ceaba

huet

autobús

hurhull

hurr

hucina

burgas

tocaba

buscar

